

Antepretérito ou pretérito de subxuntivo?

O antepretérito úsase para indicar accións anteriores a outra acción pasada, por exemplo:

"Cando chamaches, eu xa **fixera** as tarefas".

O pretérito de subxuntivo úsase para expresar pasado, presente ou futuro sempre no modo da irrealidade, do desexo ou das hipóteses. Por exemplo:

"Se o **soubésemos** antes, non viriamos".

Tendo en conta isto, completa coa forma de antepretérito de indicativo ou pretérito de subxuntivo, segundo corresponda:

Dixo que (IR)... xa alí varias veces.

Contáronme que (DICIR)... cousas moi interesantes.

Cando os colleron xa se (INTRODUCIR)... na fraga.

Por moitos cartos que (TER)... non o poderían pagar.

Antes de chegaren xa os outros (DESAPARECER)...

Gustárame que me (TOCAR)... a lotería.

Aínda non (VIR)... cando nos puxemos a comer.

Díxome que (FACER)... varios recados.

É fácil que xa (EXISTIR)... eses inventos en 1930.

Se mo (DAR)...a min non se perdería.

Quen (PODER)... convosco voar!

Xa lle (DAR)... o premio Blanco Amor no ano 1983.



Eles evitaban que se (FALAR)... do asunto.

Dubidaba de que lle (TRAER)... alguén un presente.

Nunca (ESTAR)... tan canso como aquel día.

Marchou antes de que (COMEZAR)... a conferencia.

Pensaba que o discurso lle (SAÍR)... algo frouxo.

Negaban que a culpa (SER)... do Uxío.

Negábanse a que o xuízo (SER)...a porta pechada.

Gastou todo o que (COBRAR)...o día anterior.

Aínda non se (FACER)... da sociedade, e xa o querían botar.

Oxalá se (PÓR)... bo tempo!

Xa lle (TELEFONAR)... cando recibín a carta..

bo traballo!

